



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Teorías e institucións educativas

Materia	Educación: Teorías e institucións educativas			
Código	O05G130V01103			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Perez Enriquez, Maria Esther			
Profesorado	Perez Enriquez, Maria Esther			
Correo-e	me_perez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia é clave dentro da titulación e debe servir para fundamentar os coñecementos en torno á educación, movementos e institucións educativas, iniciando a formación do pensamento pedagóxico teórico-práctico e da evolución histórica do sistema escolar ata o actual universo educativo. Facilita, no marco do plan de estudos desta titulación e das materias que o configuran, unha visión teórico-aplicada que parte da realidade socioeducativa que se desenvolve no campo da Educación Social e achega ao estudante desta titulación ás diferentes institucións educativas que se enmarcan nun amplo universo educativo, salientando como propias destes estudos, sobre todo, as relacionadas coa educación non formal.</p> <p>Relaciónase especialmente esta materia, e resulta unha base imprescindible polo seu achegamento ás institucións obxecto de estudo, co Practicum I e co Practicum II (materias troncais), coa Educación Permanente (materia troncal), así como coas materias de Educación de Persoas Adultas, coa Educación non formal e a Pedagogía do Ocio (ambas as dúas de carácter obrigatorio).</p>			

Competencias de titulación

Código	
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas
B1	Capacidade de análise e síntese
B5	Xestión da información
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B11	Habilidades interpersonais
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe
B14	Adaptación a situacións novas
B15	Creatividade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñecer os supostos teóricos, pedagóxicos, culturais, políticos e legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa.	A1 A4
2. Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as teorías e institucións educativas.	A1 A4 A7

3. Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos.	A1 A4
4. Identificar, coñecer, valorar e poñer en contacto o alumnado coas institucións educativas actuais.	A1 A4
5. Capacidade básica para analizar e comentar documentos (orais, escritos, icónicos,...) de carácter socioeducativo.	B1 B5 B8
6. Capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía.	B8 B9 B11
7. Desenvolver unha actitude de cambio e innovación que predispón a buscar respostas profesionais ás demandas da sociedade actual.	B8 B12 B13 B14 B15

Contidos

Tema	
1. EDUCACIÓN.	1.1. Aproximación conceptual. 1.2. O universo educativo e os adxectivos da educación: formal, non formal e informal. 1.3. A pedagogía e as ciencias da educación. 1.4. Dimensións da educación.
2. TEORÍAS EDUCATIVAS.	2.1. As primeiras teorías da modernidade pedagóxica. 2.2. As teorías antiautoritarias. 2.3. As teorías da desescolarización. 2.4. As teorías marxistas. 2.5. As teorías persoalistas. 2.6. As teorías da postmodernidade e a educación.
3. INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS.	3.1. Orixe e evolución das institucións educativas. 3.2. Institucións educativas formais. 3.3. Institucións educativas non formais. 3.4. Outras institucións educativas. 3.5. As institucións europeas e a educación. 3.6. Da escola como institución educativa á cidade/sociedade educadora.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	12	24	36
Seminarios	12	18	30
Traballos de aula	6	8	14
Traballos tutelados	8	24	32
Presentacións/exposicións	5	7	12
Probas de tipo test	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	- Avaliación dos coñecementos previos do alumnado así como das súas inquiredanzas. - Presentación xeral da materia e a súa organización. - Orientacións acerca da bibliografía.
Sesión maxistral	- Síntese dos temas por parte do profesorado. - Presentación de materiais básicos para o traballo de cada tema. - Establecemento das pautas para: a preparación xeral da materia, a análise das lecturas obrigatorias, a realización de traballos e a exposición de traballos. - Moderación de debates en grupos. - Organización e revisión das actividades individuais e grupais realizadas na aula. - Organización e revisión das exposicións dos estudantes diante da clase.
Seminarios	- Traballo en profundidade dun tema (monográfico). - Ampliación e relación dos contidos tratados nas sesións maxistras. - Lectura e comentario de textos. - Visionado e comentario de material audiovisual. - Debates.

Traballos de aula	Os/as estudantes desenvolverán exercicios na aula baixo as directrices e supervisión da profesora. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do/a estudante.
Traballos tutelados	Deberán realizar un traballo tutelado, que responda á parte de teorías educativas e consiste no estudo e análise dunha corrente educativa. Trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Presentacións/exposicións	Intervención do alumnado baseada na exposición verbal apoiada, se procede, co emprego de recursos didácticos ou dos traballos tutelados que completan algún contido da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesión maxistral: tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dúbidas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. Seminarios: profundización e aplicación dos contidos presentados na sesión maxistral, con atención personalizada segundo as demandas. Traballos tutelados: atención personalizada en pequenos grupos en relación á busca de documentación, estruturación do traballo, resolución de dúbidas, etc.
Seminarios	Sesión maxistral: tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dúbidas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. Seminarios: profundización e aplicación dos contidos presentados na sesión maxistral, con atención personalizada segundo as demandas. Traballos tutelados: atención personalizada en pequenos grupos en relación á busca de documentación, estruturación do traballo, resolución de dúbidas, etc.
Traballos tutelados	Sesión maxistral: tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dúbidas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. Seminarios: profundización e aplicación dos contidos presentados na sesión maxistral, con atención personalizada segundo as demandas. Traballos tutelados: atención personalizada en pequenos grupos en relación á busca de documentación, estruturación do traballo, resolución de dúbidas, etc.
Traballos de aula	Sesión maxistral: tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dúbidas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. Seminarios: profundización e aplicación dos contidos presentados na sesión maxistral, con atención personalizada segundo as demandas. Traballos tutelados: atención personalizada en pequenos grupos en relación á busca de documentación, estruturación do traballo, resolución de dúbidas, etc.
Actividades introdutorias	Sesión maxistral: tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dúbidas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. Seminarios: profundización e aplicación dos contidos presentados na sesión maxistral, con atención personalizada segundo as demandas. Traballos tutelados: atención personalizada en pequenos grupos en relación á busca de documentación, estruturación do traballo, resolución de dúbidas, etc.
Presentacións/exposicións	Sesión maxistral: tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dúbidas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. Seminarios: profundización e aplicación dos contidos presentados na sesión maxistral, con atención personalizada segundo as demandas. Traballos tutelados: atención personalizada en pequenos grupos en relación á busca de documentación, estruturación do traballo, resolución de dúbidas, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Asistencia, participación e realización das actividades propostas polo profesorado.	20
Traballos de aula	Asistencia, participación e realización das actividades propostas polo profesorado.	10
Traballos tutelados	A profesora orientará e fará o seguimento do traballo realizado en grupo (especificados na metodoloxía docente) e valorará o traballo final.	15
Presentacións/exposicións	Ademais, da elaboración do traballo tutelado, avaliarase a presentación que se faga do mesmo na aula á profesora e os demais alumnos/as.	5
Probas de tipo test	Realízase unha proba tipo test de todos os contidos abordados na materia. Para a puntuación final do exame teranse en conta os acertos e os erros (puntuando estes negativamente: dous erros descontan un acerto).	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado non presencial: os/as alumnos/as non presenciais deberán falar coa profesora ao comezo do curso.

A avaliación será:

- Proba tipo test: 70%.
- Traballo tutelado: 15%.
- Outras actividades complementarias: 15%.

Segunda convocatoria: no caso de superar unha das partes da materia conservarase a súa cualificación no mesmo ano académico. Deberá superarse a/as probas nas que non se obtivera unha cualificación mínima.

As datas de realización do examen final oficial serán as aprobadas na Xunta de Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

Esta guía docente explicita as liñas de actuación a desenvolver co alumnado da materia, entendida con certa flexibilidade; polo tanto, pode estar suxeita a algúns reaxustes puntuais.

Bibliografía. Fontes de información

BASICA:

COLOM, A. (1997): *Teorías e institucións contemporáneas de la educación*. Barcelona: Ariel

TRILLA J. (1996): *La educación fuera de la escuela. Ámbitos no formales y educación social*. Barcelona Ariel

(1996): *La educación encierra un tesoro* COMPLEMENTARIA:

APPLE, M.W. (1996): *El conocimiento oficial. La educación democrática en una era conservadora*. Barcelona, Paidós.

AYUSTE, A.; FLECHA, R.; LÓPEZ-PALMA, F., y LLERAS, J. (1994): *Planteamientos de BERNSTEIN, B. (1990): Poder, educación y conciencia*. Barcelona, El Roure.

CARBONELL, J. (1996): *La escuela: Entre la utopía y la realidad*. Barcelona, Eumo/ Ed. Octaedro.

CARIDE, J.A. (Dir.) (1988): *A educación en Galicia. Problemas e perspectivas*. Santiago: ICE da Universidade de Santiago.

CARR, W. (1990): *Hacia una ciencia crítica de la educación*. Barcelona, Laertes.

COLOM, A. (1979): *Lectura del discurso pedagógico actual*. Palma, Embot.

CUADERNOS DE PEDAGOGÍA (1987): *15 personajes en busca de otra escuela*. Barcelona, Laia.

DELVAL, J. (1991): *Crecer y pensar. La construcción del conocimiento en la escuela*. Barcelona, Paidós.

ESCOLANO BENITO, A. (2002): *La educación en FAURE, E. (1975): Aprender a ser*. Madrid: Alianza UNESCO

FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1990): *Juntos pero no revueltos. Ensayos en torno a la reforma de la educación*. Madrid, Visor.

FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1996): *La escuela a examen*. Madrid, Ed. Pirámide.

FERRÁN, P. (1978): *La escuela de la calle. Una educación abierta hacia el medio*. Madrid, Narcea.

FOUCAULT, M. (1978): *Vigilar y castigar*. México, Siglo XXI.

FREINET, E. (1981): *La escuela Freinet*. Barcelona, Laia.

FREIRE, P. (1990): *La naturaleza política de la educación*. Barcelona, Paidós/MEC.

GARCÍA CARRASCO, J. (coord.) (1997): *Educación de adultos*. Barcelona, Ariel.

La Institución Libre de Enseñanza. Perspectiva histórica y comentario. Esplugues de Llobregat, Círculo Editor Universo.

GENTO PALACIOS, S. (1995): *Instituciones educativas para la calidad total*. Madrid, Ed. GIMENO, J. Y CARBONELL (Eds.) (2004): *El sistema educativo. Una mirada crítica*. Barcelona, Praxis y Cuadernos de Pedagogía.

GORE, J.M. (1996): *Controversias entre las pedagogías*. Madrid, Morata.

HARGREAVES, A. (1996): *Profesorado, cultura y post-modernidad*. Morata. Madrid.

ILLICH, I. (1974): *La sociedad desescolarizada*. Barcelona, Barral.

- JULIANO, D. (1993): *Educación intercultural. Escuela y minorías étnicas*. Madrid, Eudema.
- LARA, F. y BASTIDA, F. (1982): *Autogestión en la escuela*. Madrid, Ed. Popular.
- LUQUE DOMÍNGUEZ, P. A. (1995): *Espacios educativos. Sobre la participación y la transformación social*. Barcelona, EUB.
- MAKARENKO, A. (1981): *Poema pedagógico*. Barcelona, Planeta.
- Mc LUHAN, M. (1968): *El aula sin muros*. Barcelona, Ed. de Cultura Popular.
- MEIJVOGEP, R. e PETRIE, P. (1996): *Atención a la Unión Europea. Brussels, ENSAC*.
- NEILL, A.S. (1973): *Summerhill*. Barcelona, Laia.
- PALACIOS, J. (1982): *La cuestión escolar. Críticas y alternativas*. Barcelona, Laia.
- POPKEWITZ, Th. S. (1994): *Sociología política de las reformas educativas*. Madrid, Morata.
- La Institución libre de Enseñanza en Galicia*. A Coruña, Ed. Do Castro.
- PUELLES, M. (1991) *Educación e ideología en QUINTANA, J.M. (1988): La teoría de la educación. Concepción antinómica de la educación*. Madrid: Dykinson.
- REIMER, E. (1981): *La escuela ha muerto. Alternativas en materia de educación*. Barcelona: Guadarrama.
- ROUSSEAU, J.-J. (1973): *Emilio o de SANTOS GUERRA, M. A. (1993): Hacer visible lo cotidiano*. Madrid, Akal.
- SOLVES, H. (1994): *La escuela, una utopía necesaria*. Barcelona, Paidós,
- TONUCCI, F. (1990): *¿Enseñar o aprender? La escuela como investigación quince años después*. Barcelona, Graó.
- TRILLA, J. (1986): *La educación informal*. Barcelona, PPU.
- UNESCO (1990): *Sobre el futuro de la educación. Hacia el año 2000*. Madrid, Narcea.
- VARIOS (1975): *Antón Makarenko. Su vida y labor pedagógica*. Moscú, Ed. Progreso.
- VARIOS (1990): VIÑAO, A. (2004). *Escuela para todos. Educación y modernidad en*

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

Revistas de educación:

- Cuadernos de Pedagogía.
- Galeduso. Revista do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
- Revista Galega de Educación.
- Revista Galega do Ensino.
- Revista de Pedagogía Social.

Materiais audiovisuais.

Materiais en PowerPoint.

Documentos en rede:

[www. colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com)

www. eduso.net

Expertos/as.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Educación: Educación permanente/O05G130V01203
Educación: Historia da educación social/O05G130V01204
Educación: Pedagogía social/O05G130V01205
